

FESTA MEDIEVAL DA ARRIBADA

Avelino Sierra
Concello de Baiona

O primeiro día de marzo do ano 1493 arribaba á Real Vila de Baiona a carabela Pinta, que, trala, realización da meirande xesta mariñeira de tódolos tempos, voltaba a España coa boa nova do descubrimento dun Novo Mundo. Para os baioneses non é ningunha hipérbole considerar este acontecemento coma un dos máis sobranceiros episodios da súa historia local e un dos máis transcendentais no desenvolvemento de Europa e do mundo, se temos en conta os profundos cambios sociais, culturais, económicos e relixiosos que se produciron como consecuencia da gran fazaña. Non esquezamos que, tal como sostén e preconizan os colombiñistas modernos, encabezados polo noso ilustre Juan Manzano Manzano, forzosamente tivo que haber un predescubrimento, pero este permaneceu encuberto ó resto do mundo por falla de torna-viaxe, por falla dunha arribada coma a de Baiona.

Foi quizabes esta razón de protagonismo, de honra, de orgullo por se-los primeiros europeos en recibila nova, o que levou ós baioneses a celebrar dende tempos inmemoriais numerosos actos conmemorativos de tan senlleira efeméride, certificados por tantas manifestacións e por tantas pegadas que perduran aínda espalladas pola histórica vila como marcas e reveladoras testemuñas. Salientan entre elas a figuración da carabela como moble no campo do seu escudo heráldico, a representación da emblemática nave nunha chea de torres, valos, igrexas, fontes e inmobles dos séculos XV ó XVIII, a celebración, segundo consta nas actas municipais de hai máis de cen anos, de diferentes actos de exaltación co gallo do IV Centenario, etc., etc.

Paseniño, os eventos foron proliferando nas últimas décadas, acadando máis relevo a medida que iamos achegándonos ó V Centenario. Testemuño de canto dicimos son as numerosas placas, mosaicos, nomes de rúas e prazas, monumentos erixidos, irman-

dade cos pobos colombinos (Palos de la Frontera en Huelva, Sta. Fe en Granada, Holguín en Cuba), a construción da réplica da carabela, etc.

Mención especial merecen a presenza de Baiona na Exposición Universal de Sevilla 92 e os actos conmemorativos do V Centenario na Real Vila presididos pola S.A.R. o príncipe D. Felipe de Borbón, coa presenza dos 24 embaixadores iberoamericanos. Estes dous eventos supuxeron o recoñecemento mundial ó protagonismo histórico de Baiona no descubrimento de América.

Conquerida pola Arribada a sona e monta que lle correspondía, os actos conmemorativos debían mudar e tomar unha nova dimensión que, mantendo as cotas de popularidade acadadas, afondara máis no raizame e cerna da súa memoria histórica. Con esta inqueda naceu a Festa Medieval da Arribada, que durante tres días ó ano converte Baiona na vila e porto colombinos do século XV e traslada irremediabilmente ós seus moradores e visitantes ó medievo, converténdoo en protagonistas dun dos episodios máis relevantes da súa historia.

A Festa Medieval da Arribada non é polo tanto unha festividade consuetudinaria senón un acontecemento concibido, xestado e nacido caviladamente de cara ó interese social e cultural dun pobo. Dende a Concellería de Cultura eramos conscientes de que dispuñamos de dous elementos fundamentais e á vez esenciais como alicerce para atinxi-la meta proposta. Un feito histórico fundamentalmente investigado, documentado e divulgado, e un abraiante marco como escenario, o mesmo mar e a mesma vila vella de hai cinco séculos, ategados de pegadas medievais, testemuñas do lance protagonizado entón. Se a isto eramos quen de engadirlle un profundo rigor histórico no seu desenvolvemento e atinxir unha grande participación do pobo, o éxito da Festa estaría garantido.

Postos a deseñala, comezamos por trasladala á fin de semana máis preto do primeiro de marzo. O venres quedaría dedicado ós actos institucionais e de exaltación, que xeralmente son presididos polo presidente da Xunta de Galicia, coa asistencia das autoridades civís, militares e relixiosas, autonómicas, provinciais e locais e as de

tódolos pobos irmáns. Comezan os actos pola mañá coa celebración dunha solemne Eucaristía e a ofrenda de coroas ante a cruz da evangelización de América outorgada a Baiona polo papa no 1992. Pola tarde ten lugar o acto de exaltación ante a efíxie de Martín Alonso Pinzón coa intervención de autoridades, ofrenda de coroas, interpretación de himnos, desfiles e disparo de salvas polos canóns de Monte Boi. Adoitan tamén nesta data inaugurarse exposicións temáticas, outorga-las distincións previstas no regulamento de honras e distincións, celebra-los protocolos cos pobos irmáns, etc.

O sábado e domingo, ininterrompidamente, das 10 ás 24 horas, están dedicados á Festa Medieval.

Consiste fundamentalmente esta festa na reprodución da arribada da Pinta nun escenario natural que abrangue a praia e o casco vello da vila, ámbolos dous ambientados e animados no século XV. Os preparativos comezan xa tres meses antes cos ensaios da obra teatral "Arribada do Descubrimento", orixinal de Avelino Sierra, realizados por uns 40 actores da vila que darán vida ós intrépidos tripulantes da Pinta e as figuras máis representativas da Baiona contemporánea (rexedor, físico, abade, mestre...). Dous meses antes, publícase o regulamento do Real Mercado Medieval, de obrigado cumprimento para cantos mercadores, feirantes, rifantes e artesáns se asenten neste. Tamén por esas datas os obradoiros de costura intensifican o seu labor pondo a punto preto de tres mil vestimentas de época para o seu alugamento. Faltando un mes fanse públicos en galego e castelán da época, segundo correspondía, o Bando do Rexedor e as Provisión, Cédulas e Albalás Reais, dando normas para o mellor proveito e servizo do Real Mercado, e exencións de calquera peita ou tributo mentres dura a Festa.

Cinco días antes comezan os traballos de ambientación, eliminando ou camuflando calquera elemento, símbolo ou motivo moderno, como sinais de tráfico, rótulos, contedores, papeleiras, etc. Múdanse os nomes das rúas polos existentes no medievo (Rúa da Caramuxeira, do Açouge, da Leña, do Canto...), instálanse dúcias de altofalantes camuflados para reproducir música ambiental de época en toda a vila; móntanse portóns e postigos nas entra-

das e saídas, pendúranse das ventás, corredores e solainas, centos de reposteiros, estandartes, gallardetes e pendóns de Castela-León, dos RR.CC. e conmemorativos do 1493; cóbrense as rúas de palla e herba curada; dispónse estratexicamente nas prazas e recunchos unha chea de apeiros, aveños, ferramentas e trebellos, que nos lembran as angueiras dos nosos devanceiros; distribúense por todo o casco máis de douscentos telderetes de época, inxeniosamente artellados para a venda de productos autóctonos.

As prazas principais dedícanse a exposicións de antigüidades, xogos infantís de época (zancos, baquetas para adestramento de cabaleiros...), obradoiros dos artesáns (zoqueiros, oleiros, telleiros, ferreiros, cesteiros...).

Pola súa banda, as adegas, bares e tabernas adaptan as súas instalacións, seguindo normas da organización, e ofrecen menús e ceas medievais servidas por persoal ataviado segundo a época.

Ambientadas así a praia e o casco vello, comezan a tomar vida dende a primeira hora do venres cunha abraiante animación medieval. Tralo percorrido do pregoeiro polas rúas e prazas pregoando o comezo do Real Mercado, centos de mercadores, artesáns e mesterais procedentes de tódolos cantos do reino vanse asentando nos seus postos para oferta-las mercadorías e vituallas máis diversas ou mostra-las súas habelencias artesanais, sempre suxeitas a un gran rigor histórico.

De seguido, as rúas convértense nun fervedoiro de bufóns, moinantes, truáns, cegos, mendigos, xograres, malabares e outros personaxes da época que practican os seus oficios como antano. Nas prazas, o mesmo se pode contempla-lo mercado e puxa de antigüidades ou o adestramento de cabaleiros, coma un duelo a espada, o rescate dunha doncela ou a queima dunha bruxa, mentres unha procesión de monxes flaxelantes sucede a un pelotón de axustizados ou a unha recua de bestas pexadas.

Asemade nas igrexas e capelas pódese asistir a continuos concertos de música medieval, onde zanfonas, gaitas, violas e cítolas o mesmo entoan as cantigas de Santa María coma as de Martín Codax.

Ás cinco da tarde, cando o Real Mercado está en pleno apoxeo, a festa chega ó seu cume coa escenificación da Arribada, onde máis de cen mil persoas enxergando a carabela Pinta son testemuñas do transcendental desembarco acaecido hai medio milenio.

Poucos acontecementos na Historia marcaron de forma tan decisiva o desenvolvemento da humanidade coma o descubrimento de América. O achado do novo continente e a abertura de rutas a través do Atlántico cambiou en boa medida o rumbo da Historia, sendo entón cando esta se fixo certamente universal.

Ningún outro evento por si só coadxuvou en igual medida á creación do unificado mundo actual, tan distinto dos fragmentados mundos da Antigüidade e da Idade Media, planetas de culturas autocráticas destinados a converterse nun só mundo de hálito cruzado por múltiples intercambios culturais.

E este mundo así configurado tivo o seu alicerce nunha venturosa Arribada que deu orixe ó encontro entre dous mundos antagónicos que abría inéditas perspectivas de progreso, cultura e civilización.

A partir da histórica data do 1 de marzo de 1493, artellouse e ensamblouse un mosaico de interrelacións mutuas que foron tecendo a rede de vencellos que caracterizan a civilización actual.

Coa Festa da Arribada, Baiona, fiel á súa memoria, segue facendo historia. Decía o ensaísta e crítico Gilbert Cherlepton, probablemente o escritor máis citado dos últimos anos, que "tódolos homes e pobos da Historia que fixeron algo polo futuro tiñan os ollos fixos no pasado". Un pequeno exemplo témolo en Baiona, unha próspera vila que cada ano réndelle homenaxe a unha das páxinas máis senlleiras da súa historia, da historia de España, da historia universal.